

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 3 DE NOVEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e as organizacións non gobernamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación^{321º} para o Cambio Social (Agareso) e Asamblea de Cooperación por la Paz para a execución do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2025-2026", por importe total de setenta e catro mil trescentos vinte e dous euros con cincuenta e catro céntimos (74.322,54 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se aproban as aglomeracións urbanas de Galicia para a xestión dos sistemas de saneamento e de depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e se dispón a súa publicación no Rexistro de aglomeracións urbanas creado pola Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.
- Acordo polo que se toma razón do envío á Comisión Europea da proposta de actuacións da Xunta de Galicia para incorporar ao Fondo Social para o Clima.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de ciencia e innovación de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre o Instituto de Maiores e Servizos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, para o desenvolvemento do marco de cooperación interadministrativa previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e para o establecemento e financiamento do nivel de protección acordado para o exercicio 2025. Importe total: cento catro millóns novecientos vinte e cinco mil seiscentos vinte e tres euros con setenta céntimos (104.925.623,70€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para a execución da fase final: subfase A da construción da nova sede no exercicio 2025 e para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á previstá na normativa de subvencións de Galicia. Importe total: cincocentos cincuenta mil catrocentos cinco euros con trinta e catro céntimos (550.405,34€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores en situación de dependencia nunha residencia de persoas maiores en Ferrol. Tramitación anticipada do gasto. Importe de licitación: seis millóns trescentos oitenta e seis mil dezaseis euros (6.386.016,00€). Valor estimado: dezaioito millóns catrocentos seis mil oitenta euros (18.406.080,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Xestión do Solo de Galicia- Xestur S.A. a tramitación do expediente de contratación das obras do proxecto de urbanización da modificación do plan de sectorización da cuarta fase do polígono empresarial de Lalín (Pontevedra), por un importe de licitación e un valor estimado de once millóns douscentos oitenta e catro mil cento cincuenta e dous euros con trinta e dous céntimos (11.284.152,32 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o Plan para a dixitalización dos procedementos administrativos 2026-2027.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 48 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais comerciais na parcela P-17 do polígono B1, sita na rúa Veiga de Navaliños, núm. 2, Valdecorvos, no concello de Pontevedra, cun orzamento de licitación e un valor estimado, sen IVE, de sete millóns seiscentos cincuenta e cinco mil cento oito euros con trinta e sete céntimos (7.655.108,37€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha do portal Share, plataforma de formación gratuíta en saúde e benestar para o cidadán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e Los Desertores Films, AIE para o desenvolvemento da campaña de promoción internacional da longametraxe Sirat como candidata española á 98ª edición dos premios Óscar, por importe de noventa e oito mil novecentos cincuenta e catro euros con trinta e catro céntimos (98.954,34€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de interese autonómico para ampliación da Casa Grande de Xanceda, concello de Mesía (A Coruña).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de estabilización de noiro no porto de Maniños-Barallobre, cun orzamento base de licitación de cento setenta e oito mil douscentos oitenta euros con noventa e nove céntimos (178.280,99 €), IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de senda na PO-313 Treito Cadro - Cadrelo (Marín), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de seiscientos noventa e un mil novecentos corenta e catro euros con noventa e tres céntimos (691.944,93 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a implantación dunha ferramenta tecnolóxica de ciberseguridade para a protección de identidades no Servizo Galego de Saúde (orzamento de licitación 925.650,00€, IVE incluído).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe de actividades e liñas de actuación da Filмотeca de Galicia para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria da segunda edición do 2025 do Programa bonos Activa Comercio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a tramitación da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións destinadas á destilación voluntaria de viño en época de crise e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación, por Portos de Galicia, do servizo de remolque urxente polo incendio declarado no buque Awadi, atracado no porto de Ribeira, por un importe estimado de cento setenta e dous mil douscentos euros (172.200,00 €), IVE excluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL 'ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS', EN COLABORACIÓN CON TRES ONGD GALEGAS

- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á renovación do acordo con Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz
- Orzado en máis de 74.300 euros, o Goberno galego achega ao proxecto case 70.000 euros e as organizacións participantes a contía restante
- O investimento da Xunta nesta iniciativa desde 2013 supera os 875.300 euros
- A medida enmárcase no Plan Proxecta de innovación educativa co obxectivo de traballar nos centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) e formación profesional as desigualdades sociais e as súas causas, sobre todo nos países da Cooperación Galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz para desenvolver unha nova edición do proxecto de educación para a cooperación *Activistas polo mundo que queremos*. A iniciativa conta cun orzamento superior aos 74.300 euros, dos que o Goberno galego achega case 70.000 e as tres organizacións participantes a contía restante. Desde o seu inicio en 2013, a Xunta leva investidos máis de 875.300 euros nesta acción.

Deste xeito, ponse en marcha a decimoterceira edición do proxecto, desenvolvido por tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Esta colaboración entre a Xunta e as ONGD permitiu traballar nestes anos co profesorado e alumnado de 73 centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de formación profesional, aos que nesta edición se suman outros catro, co obxectivo de afondar nas desigualdades sociais e nas súas causas e con especial atención á realidade dos países da Cooperación Galega.

A iniciativa enmárcase no *Plan Proxecta* de innovación educativa, destinado a impulsar a colaboración entre os distintos departamentos da Xunta que contan con programas dirixidos a centros educativos. O obxectivo é contribuír a que tanto o alumnado coma os docentes sexan conscientes da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais. Búscase tamén apoiar o exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos da comunidade.

O investimento da Xunta destinarase aos custos derivados das formacións, aos servizos técnicos ou aos gastos de persoal para facilitarlle ao profesorado as ferramentas necesarias para incorporar neste curso 2025/26 a temática da educación para o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento e a cidadanía global, así como para favorecer por parte do alumnado a adquisición de competencias para incidir nas súas realidades a través de sesións que teñan o activismo como eixe central.

O convenio entre a Xunta e as tres ONGD para poñer en marcha unha nova edición de *Activistas polo mundo que queremos* dá cumprimento aos compromisos do V Plan director da cooperación galega 2023-2026 e do Plan anual da cooperación galega 2025. Nesta liña, incídese no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IDENTIFICA UN TOTAL DE 471 AGLOMERACIÓNS URBANAS EN GALICIA PARA GARANTIR A XESTIÓN COORDINADA DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN E O CUMPRIMENTO DAS NOVAS EXIXENCIAS EUROPEAS

- O Consello aproba o primeiro rexistro oficial de aglomeracións urbanas do país, ferramenta prevista na Lei do ciclo integral da auga e que recolle a delimitación, a poboación, as infraestruturas e as administracións responsables de cada unha delas
- Con esta delimitación territorial poderanse satisfacer as obrigas de planificación e control comunitarios e identificar claramente os responsables do seu cumprimento
- A nova directiva da UE sobre o tratamento de augas residuais urbanas obriga as aglomeracións de máis de 1.000 habitantes a ter sistemas de tratamento de fecais e fixa diferentes niveis de depuración en función do tamaño e da zona de vertedura
- Grazas ao novo rexistro de aglomeracións urbanas, Galicia poderá planificar mellor os investimentos neste eido, evitará sancións por infrinxir as obrigas ambientais e terá acceso a fondos europeos para financiar obras de infraestruturas hidráulicas

A Xunta acaba de completar a identificación dun total de 471 aglomeración urbanas en Galicia (177 na Coruña, 100 en Pontevedra, 70 en Lugo e 124 en Ourense), un labor imprescindible para garantir a xestión coordinada dos sistemas de saneamento e depuración de augas residuais no conxunto da Comunidade e que, ademais, permitirá cumprir as novas exixencias ambientais da UE neste eido.

O Consello aprobou esta mañá a nova delimitación proposta polo organismo hidráulico Augas de Galicia e, con ela, a creación do Rexistro oficial de aglomeracións urbanas de Galicia, o que a converte na primeira comunidade española en contar cunha ferramenta de planificación e ordenación deste tipo.

De feito, cómpre lembrar que a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga establece que a Administración hidráulica galega debe fixar as aglomeracións en que se estrutura o territorio para abordar a xestión dos sistemas de saneamento e depuración de augas dun modo coordinado e eficiente e inscribilas nun rexistro que delimite oficialmente as aglomeracións urbanas e recolla os núcleos, as infraestruturas existentes e as administracións titulares da xestión dos servizos en cada unha.

Neste sentido, cómpre indicar que unha aglomeración urbana é un conxunto de núcleos de poboación e de zonas industriais que, pola súa propia concentración e actividade, xeran unha cantidade de augas residuais que deben ser recollidas e tratadas conxuntamente. Cada aglomeración conta cun ente público representativo — normalmente o concello a que pertence ou unha agrupación de concellos— responsable de garantir o bo funcionamento dos sistemas de saneamento e depuración.

A delimitación destas aglomeracións é fundamental para mellorar a planificación das infraestruturas hidráulicas necesarias en cada unha delas e optimizar os investimentos, facilita a coordinación e a cooperación entre concellos con necesidades ou sistemas de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

saneamento compartidos, e garante unha maior transparencia e eficiencia na xestión pública xa que o Rexistro de aglomeracións urbanas será público e accesible en liña.

A transcendencia do traballo realizado por Augas de Galicia, en todo caso, vai máis alá xa que esta división territorial, desde o punto de vista do saneamento e da depuración, é imprescindible para poder cumprir coas obrigas de planificación e control que fixa a UE a través da nova Directiva sobre tratamento de augas residuais urbanas, e para deixar claro cales son as administracións responsables do seu cumprimento.

Neste sentido, cómpre subliñar que a referida normativa comunitaria obriga a que todas as aglomeracións de máis de 1.000 habitantes equivalentes (é dicir, a suma da poboación real máis a estacional e as necesidades ligadas á actividade industrial e empresarial) contén con sistemas propios de recollida e tratamento de augas residuais. Ademais, establece tamén niveis de depuración adaptados ao tamaño da aglomeración e ao tipo de zona de vertedura das súas augas, que pode ser sensible, costeira ou interior.

De feito, este rexistro será o instrumento de referencia que ofrecerá unha base técnica para a programación de actuacións a medio prazo no próximo Plan xeral galego de saneamento (PXGS) para o período 2027-2033, unha planificación que a Xunta centrará nos principios de sustentabilidade, eficiencia enerxética e recuperación dos recursos.

Os concellos e a cidadanía en xeral serán os principais beneficiarios da aprobación das novas aglomeracións urbanas de Galicia. Neste sentido, cómpre subliñar que grazas a esta delimitación territorial e poboacional se poderán planificar mellor os investimentos en materia de saneamento e depuración, evítanse posibles sancións relacionadas coas obrigas ambientais comunitarias e, ademais, terase acceso a fondos europeos para cofinanciar a execución de infraestruturas hidráulicas clave para a protección do ambiente e a saúde pública ao garantir augas limpas en ríos, rías e zonas de baño.

Primeira delimitación no PXSG 2000-2015

No ano 2000 aprobouse o Plan xeral de saneamento de Galicia 2000-2015, que estruturou a primeira delimitación de aglomeracións urbanas. Aquela aproximación resultou útil para abordar a planificación inicial do saneamento e as depuradoras que era necesario construír pero, en todo caso, non quedaban delimitadas xeograficamente nin os núcleos de poboación que formaban parte de cada zona.

Por iso, ao abeiro da Lei galega de mellora da xestión do ciclo integral da auga, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático decidiu abordar un proceso de delimitación e definición exhaustivo das aglomeracións urbanas en que se estrutura Galicia para a xestión dos sistemas de saneamento e de depuración.

O enfoque co que se levaron a cabo os traballos e a aposta pola creación dun rexistro oficial, actualizado e de acceso público é único en España e, de feito, xa suscitou consultas por parte de técnicos doutras comunidades autónomas.

A proposta inicial quedou lista en primavera e, tras sometela a un amplo proceso de información pública, durante o que tanto concellos como outras administracións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

competentes e entidades do sector hidráulico puideron consultar o documento e presentar as súas achegas, o Consello acordou hoxe aprobar as 471 aglomeracións urbanas de Galicia e a creación do rexistro oficial en que quedan recollidas.

O documento final (que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*) incorpora as modificacións derivadas dalgunhas das achegas recibidas (arredor de medio centenar entre alegacións e consultas) e substituirá a antiga listaxe recollida no PXGS 2000–2015, adaptándoa á realidade actual dos sistemas de depuración e ás novas exigencias da Directiva marco europea, que reforza os requisitos en materia de eficiencia enerxética, control e neutralidade climática.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ENVIARÁ ESTA SEMANA Á COMISIÓN EUROPEA OS 62 PROXECTOS GALEGOS SUSCEPTIBLES DE CAPTAR PRETO DE 2.000 M€ DO FONDO SOCIAL POLO CLIMA DA UE

- O Consello toma razón da remisión da proposta galega ás autoridades comunitarias tras confirmar de forma oficial que o Goberno central non presentou o plan en que tiña que plasmar as actuacións que se financiarán en España a través deste novo fondo
- Entre as iniciativas galegas destacan as destinadas a avanzar cara a unha mobilidade sustentable, mellorar a eficiencia de instalacións deportivas, hidráulicas, dependencias administrativas, infraestruturas e outros servizos, ademais de edificios residenciais
- Tres das propostas do Executivo autonómico van dirixidas a propietarios de inmobles, promotores privados e administracións locais, con axudas cun orzamento global de 1.460 M€ ata o ano 2032 para rehabilitar e construír vivenda sustentable

Galicia trasladará á Comisión Europea esta mesma semana a súa proposta, cos 62 proxectos galegos seleccionados pola Xunta para optar ao financiamento europeo do novo Fondo Social polo Clima (FSC). O Consello tomou razón esta mañá da decisión, que se produce ante a inacción demostrada polo Goberno central e coa que se trata de evitar que Galicia perda a oportunidade de mobilizar case 2.000 millóns de euros a través de proxectos relacionados con mobilidade e o transporte sustentable, descarbonización e impulso ás enerxías renovables ou eficiencia de edificios e vivendas.

O Executivo central incumpriu o prazo dado pola UE para enviar antes do 30 de xuño o seu Plan Social para o Clima, un documento en que cada Estado debía recoller as propostas e medidas específicas coas que aspira a beneficiarse desta iniciativa europea.

Case catro meses despois e ante a falta de comunicación por parte do Goberno central sobre a situación e o contido do referido plan, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático —departamento que se encargou de coordinar as propostas galegas— decidiu dirixirse directamente á directora de Mercados de Carbono e Mobilidade Sustentable da Comisión Europea, Beatriz Yordi, para pedir información ao respecto.

A súa resposta, recibida hai uns días, confirma oficialmente que o Goberno central aínda non presentou o devandito plan, unha decisión que, na práctica, suporía a perda dun total de 6.800 millóns de euros reservados inicialmente para España ao abeiro do FSC, contía que se complementaríase con outros 2.000 millóns que tería que achegar o Estado.

Neste sentido, cómpre indicar que o Fondo Social para o Clima forma parte do paquete legislativo *Fit for 5*, deseñado para cumprir cos obxectivos do chamado Pacto Verde Europeo. Nese senso, pretende contribuír a acadar os obxectivos climáticos da Comisión Europea de cara a 2030, axudando a descarbonizar o sector do transporte, mellorando o rendemento ambiental e enerxético dos edificios, combatendo a pobreza enerxética, apoiando o crecemento económico sustentable e creando emprego verde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa, que se enmarca no Pacto Verde Europeo, financiarase con 65.000 millóns procedentes das poxas do réxime de comercio de dereitos de emisión e completárase con achegas do 25% dos Estados ata acadar un orzamento global de 86.700 millóns.

En total, España podería dispoñer nos próximos anos dun total de 9.000 millóns de euros para avanzar cara a unha transición enerxética máis xusta para os sectores máis vulnerables da sociedade a través de axudas temporais e directas á renda e de investimentos que permitan reducir a dependencia dos combustibles fósiles no eido do transporte, as microempresas e os fogares vulnerables.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou a finais de maio unha proposta con 62 proxectos que suman un importe total de 1.973,9 millóns de euros e que remitiu ao Ministerio para que valorase a súa inclusión no plan nacional.

Entre as iniciativas que agora a Xunta remitirá directamente á CE destacan as destinadas a avanzar cara a un transporte sustentable, mellorar a eficiencia de instalacións deportivas, hidráulicas, administrativas, infraestruturas, servizos municipais e edificios residenciais. No eido ambiental, tamén hai accións para fomentar a mobilidade eficiente e a rehabilitación enerxética de inmobles localizados en espazos naturais protexidos.

Do importe total que Galicia aspira a mobilizar a través destes 62 proxectos, a contía máis notable, 1.460 millóns de euros, corresponden a iniciativas para promover e mellorar vivendas protexidas cunha maior eficiencia enerxética, prestando especial atención aos fogares vulnerables e ás microempresas. En concreto, a proposta inclúe liñas de axudas ata o ano 2032 para propietarios de vivendas, promotores privados e administracións públicas para rehabilitar e construír vivenda sustentable.

Falta de comunicación e diálogo coas comunidades

En vista da oportunidade que ofrece para Galicia e o resto do país o FSC europeo, o pasado marzo, no marco da consulta pública previa aberta polo Goberno central sobre o Plan Social polo Clima, a Xunta solicitou a participación activa das comunidades na toma de decisións sobre estes fondos, na liña manifestada pola CE, que recoñeceu esencial o papel das rexións para que os plans respondan ás necesidades reais de cada territorio.

O Goberno central, porén, non atendeu esta solicitude e, ademais, tampouco trasladou ás comunidades o borrador nin o plan definitivo a pesar de que a Xunta así o reclamou e de que a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático lle trasladou, no mes de xuño, en persoa á vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a súa inqueda pola falta de noticias sobre a tramitación dun plan tan importante para avanzar nos grandes retos climáticos.

Esta actitude e a inacción do Executivo central con relación ao FSC deixa en evidencia que, a pesar de anuncios como o do Pacto de estado fronte á emerxencia climática, a realidade é que non está a traballar na loita contra o quecemento global con accións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prácticas e reais que contribúan á consecución dos obxectivos europeos de descarbonización e neutralidade climática.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE GALICIA CONTARÁ CUNHA NOVA LEI DE CIENCIA E INNOVACIÓN PARA ACOMPAÑAR O GRAN CRECEMENTO DA I+G+I

- Sinala que o Consello autoriza o inicio dos trámites desta norma, que se prevé que entre en vigor no 2027, co obxectivo de consolidar a forza da Comunidade neste eido
- Potenciará a retención e captación de talento e a transferencia de coñecemento, estimulará a iniciativa privada e incidirá en que a I+D+i chegue a todo o territorio
- Crearase unha comisión para a súa redacción cos diferentes departamentos da Xunta implicados e contarase con toda a cadea de valor nun proceso participativo e aberto

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia contará cunha nova Lei de ciencia e innovación que acompañe o gran momento que vive a I+G+i na Comunidade, cun forte crecemento nos últimos anos e o desenvolvemento de proxectos estratéxicos que sitúan á nosa Comunidade nunha “posición punteira”, un dos territorios con maior proxección neste eido.

O titular do Executivo galego comunicou que o Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de ciencia e innovación de Galicia para dar resposta aos “novos retos do sector” que están xurdindo e facilitar o seu desenvolvemento.

Tal e como afirmou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, a nova lei, que se prevé que entre en vigor “no ano 2027”, supón un salto cualitativo e cuantitativo, xa que actualiza, integra e fortalece o modelo actual do ano 2013, un “bo marco normativo” que facilitou un período de avance. Desde a experiencia acumulada, apóstase agora por dar un paso máis nunha estratexia de futuro para converter Galicia nun territorio de coñecemento, innovación e talento.

O conselleiro salientou que actualmente a sociedade vive unha transformación potente no eido tecnolóxico e dixital, co desafío dos retos ambientais e a globalización, polo que se precisa un marco normativo renovado e flexible. Esta necesidade é maior no caso de Galicia, a autonomía que, segundo as últimas estatísticas, “máis incrementou o investimento en I+D” con un 28,2%, “duplicando a suba do conxunto do Estado”. Conta, ademais, con 14.000 persoas dedicadas a esta actividade, o número máis alto da historia.

Para iso, Román Rodríguez sinalou que Galicia xa leva tempo traballando de cheo en novas medidas e iniciativas cunha visión integrada a través do Plan de investigación e innovación 2025-2027, que permite coordinar os investimentos da Xunta e da Comisión Interdepartamental de I+D+i que se encarga de harmonizar as accións das distintas consellerías. Agora, con esta lei configurarase un marco estable e coherente para modernizar o sistema e que garanta a súa sustentabilidade e permita un impacto na economía e na sociedade galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as novidades da futura lei, que iniciará a súa tramitación coa consulta pública previa para recibir achegas da sociedade civil, atópanse a regulación de ámbitos como a atracción e retención de talento, a transferencia efectiva de resultados para achegar a ciencia á industria, a innovación empresarial ou a redución da burocracia. Ademais, a Xunta busca estimular a iniciativa privada e o investimento en ciencia para que os resultados acadados nas investigacións teñan un impacto maior, así como conectar a cidadanía coa I+D+i, un dos piares sobre os que debe asentarse o noso benestar. Será tamén relevante a descentralización e o reforzo da innovación territorial a través dos plans locais de I+D+i para levar a ciencia e a innovación a todo o territorio galego.

Cómpre destacar tamén que a nova lei terá en conta o marco normativo estatal, recentemente actualizado, así como a colaboración e cooperación entre centros de coñecemento, o decreto da carreira investigadora, o fortalecemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e o apoio a pequenas e medianas empresas, entre outros bloques.

Proceso de elaboración e participación

Para a tramitación do anteproxecto de lei, a Xunta levará a cabo un proceso participativo e aberto en que se convidará a todos os axentes da I+D+i galega a que acheguen propostas e suxestións. O proceso complétase con mecanismos formais de coordinación institucional entre os que destaca unha comisión de redacción da lei integrada por diferentes departamentos do Goberno autonómico implicados, liderada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP. Tamén será fundamental a participación da Comisión Interdepartamental de I+D+i, a través do seu grupo técnico, para incorporar aspectos especialmente relevantes nos diferentes ámbitos e asegurar unha coherencia interinstitucional, así como o recentemente aprobado Consello Asesor de Investigación e Innovación de Galicia, con profesionais de recoñecido prestixio nestes campos.

A futura Lei de ciencia e innovación de Galicia favorecerá, así, o gran momento que vive a I+G+i, reforzando os grandes fitos que se están acadando nos últimos tempos, como a concesión da fábrica europea de intelixencia artificial *1HealthAI*, a construción do novo Centro de Supercomputación de Galicia ou o gran crecemento do sector biotecnolóxico.

O dobre de investimento que en 2013

A necesidade de actualizar o marco normativo de 2013, que contribuíu a este crecemento da I+G+i, reflíctese nas cifras. Segundo as últimas estatísticas, Galicia acadou en 2023 os 963 M€ dedicados a I+D, unha cifra récord que supón o dobre que no ano 2013, facendo que a Comunidade pasará de ter un peso no conxunto do Estado dun 3,6% en 2013 a un 5,4% en 2023, consolidándose como a sétima comunidade autónoma que máis inviste en I+D. Isto tamén se observa no gasto per cápita, que acadou os 355,7 euros en 2023, un 109% máis que unha década atrás.

No que atinxe ás cifras de emprego en I+D, Galicia conta hoxe con 14.000 profesionais, un aumento do 48% desde as 10.800 persoas dedicadas á I+D en 2010. Tamén no sector empresarial se alcanzou un investimento récord: 464 M€, o que supón case un 116% máis que hai unha década. Son datos que o Goberno galego aspira a seguir

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incrementando nos vindeiros anos e para o que a futura Lei de ciencia e innovación será fundamental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ACADA O OBXECTIVO DE CHEGAR ÁS 90.000 PERSOAS DEPENDENTES ATENDIDAS CON DOUS MESES DE ANTELACIÓN SOBRE O PRAZO PREVISTO

- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, subliña que alcanzar esta meta é posible “en gran parte grazas ao Plan de choque” activado pola Administración autonómica, “que corre o risco certo de paralización logo do recurso presentado ante o Constitucional polo Goberno central”
- Informa de que grazas a que Galicia cumpre cos obxectivos, recibirá algo máis de 52 millóns de euros a través do convenio de nivel acordado coa Administración xeral do Estado, autorizado hoxe polo Consello
- Insiste na necesidade de que o Executivo central cumpra coa lei e financie o 50% dos custos dos servizos e prestacións

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio do nivel acordado para 2025 entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero) destinado ao sistema de atención á dependencia das comunidades autónomas e que, no caso de Galicia, ascende a 105 millóns de euros sufragados entre o Estado e a Xunta, só tres máis que os asignados o exercicio pasado.

Tal e como informou Rueda, Galicia recibirá algo máis de 52 millóns de euros, grazas a que a Xunta cumpre con éxito os obxectivos recollidos neste acordo: diminución da lista de agarda, mellora na calidade dos servizos, etc. De feito, a comunidade xa supera hoxe, “dous meses antes do previsto”, as 90.000 persoas dependentes atendidas, unha meta que se fixara inicialmente para finais de ano. Segundo sinalou Rueda, isto é posible “en gran parte grazas ao Plan de choque” activado pola Xunta “que corre o risco certo de paralización logo do recurso presentado ante o Constitucional polo Goberno central”.

O presidente autonómico indicou que o diñeiro que recibe Galicia é “parte do financiamento que se vai dedicar ao sistema de dependencia en Galicia, en total 844 millóns de euros” e que os 52 millóns de euros “nin moito menos chega ás cifras que por lei terían que achegar” o Goberno central. Así, a pesar da sinatura deste convenio para o nivel acordado, o Goberno central está moi lonxe de achegar o 50% de financiamento do custo dos servizos e prestacións da dependencia a que está obrigado por lei, e a débeda acumulada con Galicia nesta materia “a finais de 2026 sería de case 3.000 millóns de euros”.

Ademais, o Executivo galego insiste na necesidade de revisar os criterios de distribución dos fondos, xa que os actuais non teñen en conta a elevada taxa de envellecemento que ten Galicia ou a súa dispersión xeográfica, aspectos que provocan un incremento dos gastos superior á media. Neste sentido, o Goberno autonómico reitera a necesidade de abordar o déficit estrutural que ten o financiamento da dependencia. A Xunta tamén lamenta as trabas que o Goberno de España está a poñer neste ámbito ao recorrer ante o Tribunal Constitucional contra a homologación automática da discapacidade a persoas con dependencia, unha medida da que desde o pasado mes de xaneiro xa se beneficiaron máis de 10.300 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON 550.000 € A ÚLTIMA FASE DAS OBRAS DA NOVA SEDE CENTRAL DE COGAMI EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- As instalacións albergarán servizos de emprego e formación, programas para a mellora da autonomía persoal e tamén a xestión das empresas do grupo
- O investimento total da Administración autonómica neste proxecto é de máis de 1,3 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para financiar as obras da nova sede central da entidade en Santiago de Compostela. O orzamento deste acordo é de 550.000 euros, que se destinarán a executar a fase final deste proxecto.

En concreto, estes fondos investiranse na colocación da fontanaría, do saneamento e de sanitarios, así como de gran parte do chan radiante, da climatización e da ventilación. Tamén se rematarán as instalacións contra-incendios, de electricidade, anti-roubo e de telecomunicacións. Con esta última fase, o inmovible quedará en condicións de solicitar as licenzas de primeira utilización e actividade, quedando só pendente o equipamento interior.

Este é o segundo convenio entre Xunta e Cogami para a nova sede da entidade. O primeiro ten data de decembro do ano pasado e o seu montante foi de 800.000 euros, que se empregaron en obras na cuberta e nas fachadas da infraestrutura. Así pois, o investimento total da Administración autonómica neste equipamento supera os 1,3 millóns de euros.

A nova sede de Cogami albergará servizos de emprego e formación, programas para a mellora da autonomía persoal e tamén a xestión das empresas do grupo. Ademais, permitirá agrupar nun mesmo espazo os servizos que a entidade ten agora dispersos pola cidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A XESTION DA NOVA RESIDENCIA PÚBLICA DE FERROL, QUE OFERTARÁ 120 PRAZAS PARA PERSOAS MAIORES CON DEPENDENCIA

O contrato inicial será por dous anos prorrogables ata unha duración máxima de cinco e licítase por 6,3 millóns de euros, sendo o valor estimado do contrato de 18,4 millóns de euros se temos en conta as posibles prórrogas

O Goberno galego iniciou hoxe os trámites para contratar a xestión do servizo de atención residencial a persoas maiores con dependencia na nova residencia pública autonómica de Ferrol, situada no Bertón. O Consello da Xunta desta mañá autorizou a licitación desta contratación para a posta en funcionamento deste equipamento que a Fundación Amancio Ortega entregou chave en man o pasado venres.

Esta é a quinta residencia de maiores incorporada ao sistema público autonómico das sete que impulsa a devandita Fundación e coa súa entrada en servizo poranse á disposición das familias 120 novas prazas públicas.

A duración inicial do contrato será de dous anos e abarcará desde a data da súa sinatura, prevista para o mes de abril do vindeiro, ano ata marzo de 2028, e será prorrogable ata unha duración máxima de cinco anos. O orzamento base de licitación é de 6,3 millóns de euros e o valor estimado do contrato, tendo en conta as posibles prórrogas, é de 18,4 millóns de euros.

A residencia de maiores do barrio ferrolán do Bertón, ao igual que as outras seis que promove a Fundación Amancio Ortega, disporá dunhas instalacións punteiras cos máximos estándares de calidade e preparadas para ofrecer un modelo innovador e integral de coidados.

Tras este acordo do Consello, publicarase o anuncio de licitación na Plataforma de contratos públicos de Galicia e no Diario Oficial da Unión Europea, concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL LALÍN 2000 COA APROBACIÓN DA LICITACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

- Cun investimento global de 22,5 millóns de euros, supón ampliar nun 58,4% a capacidade do parque con 42 novas parcelas, xa que na actualidade non hai terreos dispoñibles
- Unha vez adxudicado o contrato para a construción da cuarta fase, o prazo estimado dos traballos é de 18 meses, polo que o parque podería estar á disposición do tecido empresarial a principios de 2028

O Consello da Xunta celebrado hoxe deu luz verde ao acordo polo que se autoriza a licitación do expediente de contratación das obras do proxecto de urbanización da ampliación do parque empresarial Lalín 2000 (Pontevedra), que suporá incrementar en 313.497 metros cadrados a superficie actual e que estará á disposición dos empresarios a principios do ano 2028.

O acordo do Goberno galego implica a autorización por anticipado do gasto co obxectivo de acelerar a contratación das obras e así poder dotar canto antes a comarca do Deza con máis solo empresarial, facilitando o asentamento de novas iniciativas empresariais ou a ampliación das xa existentes.

Nestes momentos, o parque Lalín 2000 conta con 536.758 m² que están ocupados na súa totalidade, polo que a nova actuación incrementará nun 58,4% a superficie actual.

A ampliación permitirá poñer á disposición do tecido empresarial unha superficie de solo industrial de 313.497 m², distribuída en 42 parcelas, cuxo tamaño poderá oscilar entre os 1.131 m² e ata os 56.690 m² como máximo. Tamén está prevista unha zona de equipamentos que dará cabida ao local social da Filgueira. As zonas verdes sitúanse no perímetro do ámbito do polígono co obxectivo de servir de barreira visual e protexer o contorno rural e as zonas residenciais máis próximas.

As obras de urbanización da que será a cuarta fase do parque empresarial Lalín 2000 contan cun investimento de 11,2 millóns de euros e poderían estar listas a finais do ano 2027, xa que os traballos, unha vez adxudicados -a data prevista de inicio é mediados do próximo ano-, teñen un prazo de execución de 18 meses. O orzamento global desta actuación, que inclúe desde os estudos técnicos de redaccións de plans e proxectos, ata a adquisición de terreos ou conexións exteriores, ascende a 25,2 millóns de euros.

Polo de dinamización económica do Deza

O parque empresarial de Lalín 2000 converteuse no polo de dinamización económica da comarca do Deza, cunha forte implantación do sector rural, xa que acolle empresas do sector primario, pero tamén de entidades do eido industrial ou terciario. Na actualidade conta con case 100 empresas con domicilio fiscal neste ámbito, que achegan 1.240 traballadores, o 39,2% do emprego que xeran as empresas de Lalín.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, as compañías mercantís asentadas en Lalín 2000, entre as que se atopan marcas recoñecidas como Taboada y Ramos, Tecglas, Inasus, Florentino, Megodeza ou Avícola Tratante, suman un volume de negocio de 202 millóns de euros, o 53% da facturación das empresas con domicilio fiscal neste concello. Lalín conta con máis de 20.000 habitantes, o 50% da poboación da comarca do Deza, e suma o 53% das empresas que xeran o 55% do emprego directo.

Case 3 millóns m² en tramitación na provincia de Pontevedra

A Xunta de Galicia está a impulsar diferentes proxectos para dotar a provincia de Pontevedra do solo empresarial necesario para avanzar no seu desenvolvemento económico, facilitando o asentamento de novas iniciativas empresariais ou a ampliación das xa existentes, con distintas actuacións que suporán incrementar en case 3 millóns de metros cadrados o solo empresarial.

Actualmente encóntranse en tramitación os PEOSE do parque empresarial de Fragamoreira (Poio), a ampliación do parque empresarial de Toedo (A Estrada), o parque empresarial de Louredo (Mos-Redondela), a ampliación do parque empresarial do Pousadoiro (Vilagarcía de Arousa) e a ampliación da MI da PLISAN. Ademais, está en tramitación o proxecto de reurbanización da central de transportes e a terminal intermodal de Ponte Caldelas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O 95 % DOS PROCEDEMENTOS CON MÁIS DE CEN SOLICITUDES SERÁN COMPLETAMENTE DIXITAIS EN 2027

- O Consello da Xunta foi informado do Plan de traballo para a dixitalización plena dos procedementos 2026-2027
- As actuacións contidas no plan implican investimentos por importe de 9,79 millóns de euros
- O Goberno galego botará man da automatización, a intelixencia artificial e a analítica de procesos para facilitar á cidadanía galega os seus trámites coa Administración
- A simplificación administrativa, as actuacións proactivas e o uso das tecnoloxías permiten ofrecer uns servizos máis eficaces, máis personalizados, máis accesibles e máis seguros
- Entre os obxectivos destaca o aforro de trámites e papelame para a poboación, que tamén terá a posibilidade de facer todo tipo de xestións dende dispositivos móbiles

Os procedementos administrativos da Xunta que reciben máis de 100 solicitudes ao ano tramitaranse de xeito totalmente dixital en 2027, de acordo cos obxectivos do Plan de traballo de dixitalización plena dos procedementos 2026-2027, que hoxe foi presentado no Consello.

Esta planificación, que implicará investimentos que suman 9,79 millóns de euros, avanzará no uso de tecnoloxías como as automatizacións, a intelixencia artificial e a analítica de procesos para facilitar á cidadanía galega os seus trámites coa Administración e cumprir cos obxectivos do III Plan de administración e goberno dixital.

O uso das tecnoloxías na Administración dixital permite ofrecer uns servizos máis eficaces, máis personalizados, máis accesibles e máis seguros. Humanizar a Administración é un dos obxectivos principais da visión 360º da cidadanía que ten en marcha a Xunta.

A dixitalización plena dos procedementos e as automatizacións simplifican as tramitacións, tanto para as persoas e empresas (que, por exemplo, non teñen que achegar documentación que xa presentaran con anterioridade en calquera oficina ou departamento), como para quen traballa na Administración, que, ao desprenderse de accións mecánicas e repetitivas, poderá dedicar máis tempo á resolución de problemas concretos.

Nesta liña, continuarase traballando na simplificación dos procedementos. No que vai do ano 2025 analizáronse 40 procedementos administrativos e simplificáronse 22, o que vai repercutir nunha redución de 40 para a cidadanía, que se estima que beneficiarán unhas 180.000 persoas aproximadamente.

Ao tempo, continuarase o impulso dos servizos proactivos que permite á Administración anticiparse ás necesidades da cidadanía a través de mecanismos intelixentes que activan automaticamente trámites dirixidos a persoas concretas (como a renovación dun carné ou unha licenza ou a solicitude dunha axuda ou subvención). Deste xeito, é a propia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Administración a que contacta co cidadán para ofrecerlle estes servizos sen que sexa o beneficiado o que teña que solicitalos, co compromiso de implementación de cinco novos procedementos proactivos cada ano.

A planificación presentada hoxe prevé, así mesmo, a ampliación das funcionalidades en mobilidade para a cidadanía, como a aplicación para móbiles Xunta Eu. Ademais, inclúe medidas para a dixitalización das oficinas de atención á cidadanía e rexistro e o impulso de novos escenarios de interoperabilidade entre departamentos e administracións.

Para determinar o alcance da dixitalización, o informe identifica catro graos, entre un nivel 0 para os procedementos ou servizos que non dispoñen dunha ferramenta dixital, ata o nivel 3, para aqueles que, ademais de contaren cunha ferramenta que garante a relación dixital coa cidadanía, están integrados cos sistemas transversais para cumprir coas obrigas de xestión interna dixital.

Na actualidade, a porcentaxe de procedementos que reciben máis de 25 solicitudes anuais co maior grao de dixitalización (nivel 3) é do 31%. O obxectivo establecido no plan é chegar ao 50% en 2027. Este obxectivo sobe ata o 95% no caso dos procedementos que reciben máis de 100 solicitudes anuais, é dicir, os máis solicitados pola cidadanía e que representan máis carga de traballo para a Administración.

As consellerías que dispoñen de máis procedementos co maior grao de dixitalización son as de Economía e Industria, co 41% no nivel 3; e a de Emprego, Comercio e Emigración, co 40%. Ambas atópanse tamén entre as consellerías que xestionan máis solicitudes e tramitacións.

En canto á porcentaxe de solicitudes con expedientes na carpeta cidadá, é xa do 100% na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e na Consellería do Mar. Esta porcentaxe é tamén moi elevada (o 86%) no caso da Consellería de Medio Rural.

Para lograr os obxectivos, o Plan establece actuacións para a disposición dun sistema de tramitación que permita desenvolver o proceso de xeito plenamente dixital mediante sistemas transversais de tramitación, sistemas ou plataformas sectoriais e aplicacións específicas para pequenos procedementos. A Xunta tamén completará a dixitalización dos trámites relacionados con axudas e subvencións.

Así mesmo, o modelo prevé unha redución significativa da solicitude xenérica que non conta cun sistema electrónico específico. Outro dos obxectivos é dispoñer dunha visión integral a través da universalización do uso de ferramentas de tramitación dixital, integradas no sistema contable.

Para mellorar a calidade dos documentos e dos datos, a Xunta impulsará o seu arquivo electrónico administrativo, que actualmente integra o 42% dos procedementos, ata alcanzar o 70% en 2027. Así mesmo, reforzará a actualización continua da información das persoas a través da carpeta cidadá. Esta mellora estará aliñada cun sistema centralizado de datos no nodo de información cidadá (Citizen Data Hub), que establece un modelo de identificación único para cada persoa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR MÁIS DE 7,6M€ DAS OBRAS PARA CONSTRÚIR 48 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VALDECORVOS, EN PONTEVEDRA

- Habilitaranse estas novas vivendas protexidas, garaxes, rochos e locais comerciais na parcela P-17 do polígono B1
- Os traballos para a construción das vivendas terán un prazo de execución de 18 meses
- No 2026 o Goberno galego comezará a entrega de vivendas, concretamente dos primeiros 74 novos na parcela P-16 de Valdecorvos, para as familias adxudicatarias e tamén sacará a licitación a execución de todos os proxectos en marcha, que suman un investimento comprometido de 60M€

O Consello da Xunta vén de dar luz verde á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para a licitación das obras para a construción de 48 vivendas de vivenda de promoción pública (VPP) no barrio pontevedrés de Valdecorvos, por un importe de máis de 7,6M€.

Estas vivendas públicas situaranse na parcela P-17 do polígono B1, que conta con 1.147 m² de superficie. En concreto, a través deste contrato, que licitará a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), construíranse 48 VPP, que se distribuirán nun edificio que é un bloque lineal de planta baixa, seis plantas e baixo cuberta, con dous núcleos de escaleiras; ademais de garaxes, rochos e locais. As obras terán un prazo de execución de 18 meses.

Na planta baixa están os 5 locais comerciais e portais. No soto, que ocupa toda a parcela, sitúanse o garaxe e os cuartos de instalacións. Os rochos localízanse no baixo cuberta. Nas plantas intermedias están as 48 vivendas, 6 de 2 dormitorios das cales 2 son adaptadas, 36 de 3 dormitorios e 6 de 4 dormitorios.

En Pontevedra están en marcha 300 vivendas e as principais actuacións céntranse en Valdecorvos, con 236 vivendas, Ernestina Otero (Tafisa), con 53, e nas Devesas 11 máis; así como no proxecto de interese autonómico no ámbito de San Mauro, que habilitará solo para construír máis de 2.000 vivendas, o 80% delas protexidas.

No 2026 o Goberno galego comezará a entrega de vivendas, concretamente dos primeiros 74 novos fogares, na parcela P-16 de Valdecorvos, para as familias adxudicatarias e tamén sacará a licitación a execución de todos os proxectos en marcha, incluídas as obras para converter en vivendas os 4 locais, tamén en Valdecorvos. En conxunto, a Xunta ten comprometido xa un investimento de 60 millóns de euros destinado á construción de novas vivendas públicas na cidade pontevedresa.

Infografía da actuación obxecto da contratación autorizada hoxe no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UN PORTAL PÚBLICO DE EDUCACIÓN EN SAÚDE E ACTIVA A RECOMENDACIÓN DE CONTIDOS SANITARIOS NA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA

- O proxecto pioneiro *Share* permite aos profesionais recomendar e prescribir educación en saúde aos pacientes cun só clic a través de É-Saúde
- A través desta iniciativa, o sistema sanitario público ofrece aos pacientes información homologada en momentos clave do proceso asistencial: antes dunha proba, ao axustar un tratamento ou ante un sinal de alerta
- O novo portal público está orientado a pacientes e coidadores e reúne contidos validados por especialistas do Servizo Galego de Saúde en áreas como a prevención do cancro, saúde cardiovascular e materno-infantil ou envellecemento activo
- *Share* está plenamente consolidado no ámbito profesional: durante os últimos dous anos ofreceu formación personalizada a máis de 45.000 profesionais

A Xunta dá un paso decisivo na súa estratexia de educación sanitaria coa activación de recomendacións integradas na historia clínica electrónica e coa posta en marcha dun portal público de educación en saúde que reúne contidos revisados e validados por especialistas do Servizo Galego de Saúde.

O Consello da Xunta coñeceu un informe da Consellería de Sanidade sobre a ampliación das capacidades do proxecto *Share*, unha iniciativa pioneira en Europa para integrar o coñecemento e a aprendizaxe no sistema sanitario público galego.

A primeira das capacidades é a recomendación de contidos educativos desde a historia clínica electrónica, que permite aos profesionais recomendar e “prescribir” educación en saúde aos pacientes, accesible cun só clic a través de É-Saúde.

A segunda capacidade, o [*Espazo Share*](#), é un portal público de educación en saúde con materiais revisados por especialistas da sanidade pública galega, orientado á cidadanía e ás persoas coidadoras.

Plataforma consolidada que agora chega á cidadanía

Antes de abrirse ao público, *Share* xa era unha ferramenta plenamente consolidada no ámbito profesional. Durante os últimos dous anos, a plataforma ofreceu formación personalizada a máis de 45.000 profesionais do Servizo Galego de Saúde, nunha contorna dixital atractiva, flexible e dispoñible en todo momento, que facilita a aprendizaxe continua.

A través desta infraestrutura, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), organismo dependente da Consellería de Sanidade, logrou ordenar e ampliar a xestión do coñecemento sanitario, con resultados que avalan o seu impacto:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis de 90 cursos de autoformación dispoñibles as 24 horas os 365 días do ano, e máis de 130.000 certificados anuais de formación finalizada.

Co lanzamento da recomendación de contidos a pacientes e do novo portal aberto á cidadanía, *Share* evoluciona cara a un ecosistema compartido de coñecemento, no que profesionais, pacientes e comunidade participan dun mesmo espazo de aprendizaxe en saúde.

Impacto na asistencia e na sociedade

Con *Share*, o sistema sanitario público galego ofrece aos pacientes información homologada en momentos clave do proceso asistencial, antes dunha proba, ao axustar un tratamento ou ante un sinal de alerta.

Esta práctica tradúcese en menos repeticións de probas por falta de preparación, menos consultas duplicadas por dúbidas e mellor comprensión das recomendacións médicas. O obxectivo final é avanzar cara a unha asistencia máis eficiente, personalizada e sustentable.

O profesional selecciona un contido dispoñible en *Share* desde a historia clínica electrónica. O paciente recibe a recomendación en É-Saúde (banner Share) e accede desde o móbil ou o ordenador. Os materiais son breves, comprensibles e accesibles – vídeos, guías ou listas de verificación-. O sistema rexistra o acceso e a finalización para axustar a oferta e avaliar os procesos clínicos.

Respecto do novo portal público *Espazo Share*, reúne contidos validados por especialistas do Servizo Galego de Saúde en áreas como a prevención do cancro, saúde cardiovascular, saúde materno-infantil, envellecemento activo, migraña, TDAH, uso de inhaladores ou tratamento da dor crónica, entre outras.

O catálogo actualízase de maneira continua segundo as prioridades do sistema público de saúde de Galicia.

A recomendación de contidos intégrase nos controis de protección de datos do sistema público. Os materiais teñen carácter informativo e non substitúen a decisión clínica, pero ofrecen apoio e comprensión complementaria á atención recibida. Ademais, elaboráronse con criterios de lectura fácil e formatos multisoprote, para garantir a accesibilidade de todos os usuarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE Á PROMOCIÓN INTERNACIONAL DE 'SIRAT' PARA IMPULSAR A SÚA CARREIRA CARA AOS OSCAR

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude inviste 50.000 euros na campaña exterior da película de Oliver Laxe, co foco posto en Estados Unidos e Reino Unido para maximizar as súas posibilidades de chegar á fase final da 98ª edición dos premios

O Consello da Xunta autorizou a próxima sinatura dun convenio de colaboración con Los Desertoires Films, AIE, unha das produtoras da película de Oliver Laxe *Sirat*, mediante o que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cofinancia con 50.000 euros a campaña de promoción internacional do filme na súa carreira cara aos Oscar como candidata oficial de España para optar ao premio á mellor película internacional.

Este novo apoio económico á cuarta longametraxe do director galego, recoñecida co premio do xurado na súa estrea na sección oficial do Festival de Cannes, súmase á subvención de 260.000 euros que lle foi concedida para a súa produción e responde tanto ao seu alto valor artístico e técnico como á oportunidade única que para o conxunto do sector supón o feito de contar cunha embaixadora do cinema galego nos premios máis relevantes e mediáticos do panorama mundial.

O investimento da Xunta destinarase ao desenvolvemento, ata finais de 2025, dunha ampla campaña promocional, que terá os seus focos principais en Los Ángeles, Nova York e Londres, co fin de impulsar o posicionamento de *Sirat* entre o resto das candidatas internacionais e de lle dar a máxima visibilidade entre as persoas membros da academia estadounidense que votarán nesta 98ª edición dos galardóns. Así, reforzase a presenza de Oliver Laxe e doutros dos integrantes do equipo en festivais, eventos da industria, pases especiais ou encontros coa crítica e a prensa especializada, entre outras accións.

Datas claves

O vindeiro mes de decembro coñecerase a listaxe dos 15 filmes internacionais que continuarán o percorrido ata xaneiro de 2026, cando se darán a coñecer os cinco títulos finalistas. O premio á mellor película internacional entregárase na gala que terá lugar en Los Ángeles o 15 de marzo.

Esta é a primeira vez que un director galego é seleccionado para representar a España nos Oscar e faíno, ademais, cun filme con participación galega na súa produción. Supón, xa que logo, a confirmación da traxectoria autoral de Oliver Laxe como unha das voces máis interesantes e orixinais do panorama cinematográfico mundial.

De feito, esta nova colaboración do Goberno galego con *Sirat* insírese na atención e apoio que lle vén prestando a este cineasta desde os inicios da súa carreira, subvencionando igualmente as súas anteriores longas: *O que arde*, *Mimosas* e *Todos vós sodes capitáns*, cos que tamén foi premiado nas diferentes seccións a concurso do festival de Cannes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINALIZA A TRAMITACIÓN PARA DECLARAR PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO A AMPLIACIÓN DA CASA GRANDE DE XANCEDA

- A iniciativa acadou esta consideración pola contribución das súas actividades no eido agroalimentario ecolóxico galego, sendo un modelo de desenvolvemento económico sustentable no rural
- Preténdese ampliar a fábrica de iogures e construír unha planta de biogás para o tratamento de xurros, así como habilitar novas oficinas, unha aula natura e unha sala multiusos para as actividades turísticas e de formación que desenvolven
- Procúrase ampliar as instalacións actuais -que abranguen 4.930 metros cadrados- con 9.701 metros cadrados de novas instalacións

A Consellería do Medio Rural finaliza a tramitación para declarar como proxecto de interese autonómico a ampliación das instalacións da Casa Grande de Xanceda, no concello de Mesía, pola contribución das súas actividades no sector agroalimentario e ao medio rural en xeral. Tal e como recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta, o obxectivo desta iniciativa é planificar, a nivel organístico e territorial, a ampliación desta industria láctea co fin de dispoñer de máis instalacións para o desenvolvemento de actividades complementarias á gandeira.

En concreto, preténdese ampliar a fábrica de iogures e construír unha planta de biogás para o tratamento de xurros, en liña coa produción de enerxías renovables de autoconsumo. Habilitaranse tamén novas oficinas, unha aula natura e unha sala multiusos para as actividades turísticas e de formación que desenvolve Casa Grande de Xanceda, o que permitirá o redeseño da casa agraria do século XVII actualmente existente. Deste xeito, procúrase ampliar as instalacións actuais -que abranguen 4.930 metros cadrados- con 9.701 metros cadrados de novas instalacións, o que faría un total de 14.631 metros cadrados de industria láctea.

As actividades desenvolvidas por esta industria teñen unha grande influencia no sector agroalimentario ecolóxico galego e son un modelo de desenvolvemento económico sustentable no rural por combinar un equilibrio entre unha ecoindustria e o coidado do ambiente e benestar animal, promover a formación e a concienciación ambiental mediante visitas guiadas, ofertar programas de educación escolar e realizar accións solidarias.

Casa Grande de Xanceda

Esta industria láctea conta na actualidade con 265 cabezas de gando que producen ao redor de 1,4 millóns de litros de leite en ecolóxico, o que converte a Casa Grande de Xanceda nun dos maiores produtores lácteos ecolóxicos de toda España e o máis importante de Galicia.

O liderado en produción complementase coa transformación do leite dentro da propia comunidade, en liña cos obxectivos marcados ao abeiro da Estratexia do sector lácteo 2020-2025. Casa Grande de Xanceda procesa ao redor de dous millóns de litros anuais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tanto de produción propia como procedentes doutras seis gandarías ecolóxicas, para elaborar iogures, queixos e xeados, entre outros produtos lácteos en xeral.

A maiores, a empresa realiza un labor educativo e de formación para xerar maior concienciación da importancia do patrimonio natural, histórico e rural de Galicia, xa que oferta actividades eco-turísticas de tipo educativo e pedagógico, con visitas para escolares, profesionais e público xeral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 180.000 € AS OBRAS DE ESTABILIZACIÓN DOS NOIROS DA CONTORNA DA LONXA DE BARALLOBRE, EN FENE

Os traballos ampliarán o espazo perimetral ao edificio da rula e aumentarán a seguridade para o tránsito de persoal ou maquinaria

Portos de Galicia, ente adscrito á Consellería do Mar, iniciou hoxe o procedemento de licitación pública das obras de estabilización dos noiros da contorna da lonxa de Barallobre, no municipio coruñés de Fene. A conselleira do Mar, Marta Villaverde, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación cun orzamento base de 170.280 euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na Plataforma de contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras consisten na estabilización dos noiros laterais e posterior á lonxa de Barallobre, aumentando o seu recuamento con respecto ao dito edificio. Estes traballos permitirán aumentar o espazo no perímetro da lonxa creando unha zona circundante de paso con mellores condicións de seguridade para persoal e maquinaria. Ademais, mellorarase o illamento da lonxa evitando humidades ou filtracións de auga.

A Xunta de Galicia inviste nesta actuación 185.000 euros, dos que 178.000 corresponden ao orzamento das obras previstas e 7.000 euros ao pagamento realizado pola expropiación dos 1.400 metros de superficie necesarios para a execución dos traballos. O prazo de execución previsto para as obras é de 6 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A INFORMACIÓN PÚBLICA O PROXECTO DE NOVA SENDA PEONIL E CICLISTA NA PO-313, ENTRE CADRO E CADRELO EN MARÍN, CUN INVESTIMENTO DE 712.000€

- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este proxecto a información pública, para os efectos expropiatorios, nos vindeiros días
- A previsión é poder aprobar o proxecto e realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro semestre de 2026, para licitar as obras tamén no vindeiro ano
- O proxecto deste novo itinerario, que se desenvolverá pola marxe esquerda da vía autonómica nunha lonxitude de algo máis de 900 metros, prevé os elementos de drenaxe e estruturas de contención e sostemento de noiros
- Así mesmo, acometeranse obras complementarias para garantir a funcionalidade da senda, entre as que se inclúen a habilitación dunha parada de autobús á altura do quilómetro 0+700 e a execución de varios treitos de varanda urbana
- Co novo itinerario na PO-313, o Goberno galego contribúe á consolidación dunha rede de mobilidade sustentable e integrada no contorno, que dá continuidade ás sendas executadas de Coirados – Pardavila e Pardavila – Cadro

O Consello da Xunta aprobou hoxe provisionalmente o proxecto para executar unha senda peonil e ciclista na estrada PO-313, no treito que comunica Cadro e Cadrelo, no concello de Marín.

O investimento estimado polo Goberno galego para executar esta actuación, no que se inclúe o pagamento dos 9 predios necesarios para executar as obras, acadará os 712.096 euros.

A intervención consiste na execución dun novo itinerario entre os puntos quilométricos 4+120 e 5+035, incluíndo as actuacións complementarias necesarias, nas que se inclúe a execución de elementos de drenaxe e estruturas de contención e sostemento de noiros, dentro do termo municipal de Marín.

Este novo itinerario, que se desenvolverá pola marxe esquerda da citada estrada autonómica, suma unha lonxitude de algo máis de 900 metros.

O departamento de Infraestruturas da Xunta propón realizar a nova senda cun largo de entre 1,80 metros e os 2,22 metros (2 metros de senda e 22 centímetros de bordo), reducindo o mínimo permitido onde sexa necesario para evitar afectar construcións existentes: muros, galpóns ou peches.

No que respecta aos carrís de circulación, manteranse cun largo de 3,50 m, con beiravías entre 0,5 e 1,1 m, ampliándose este en zonas puntuais ata os 1,1 m, onde o trazado así o permita.

Ademais, como consecuencia da execución da senda peonil e ciclista, será preciso executar obras complementarias en que será necesario repoñer o paquete de firme completo da PO-313.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Proxéctase tamén un sistema de evacuación das augas de escorrega superficial conformado por unha rede de tubaxes e sumidoiros, que verterán os caudais recollidos cara aos puntos de vertedura existentes.

Así mesmo, levaranse a cabo diferentes obras complementarias no treito de actuación, necesarias para garantir a funcionalidade da senda, como a habilitación dunha parada de autobús na contorna do punto quilométrico 0+700, ou a execución de varios treitos de varanda urbana ao longo do percorrido da senda peonil e ciclista.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este proxecto a información pública, para efectos expropiatorios, nos vindeiros días e polo prazo dun mes.



A previsión é poder aprobar o proxecto e realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro semestre do vindeiro ano, para licitar as obras para a súa execución tamén en 2026.

As actuacións previstas no proxecto aprobado hoxe de xeito provisional contarán con financiamento europeo a través do programa operativo Feder 21/27. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

Con esta nova senda na PO-313, o Goberno galego ten como obxectivo mellorar a seguridade viaria e contribuír á consolidación dunha rede de mobilidade sustentable e integrada no contorno, dando continuidade funcional e formal ás sendas xa executadas de Coirados – Pardavila e Pardavila – Cadro, con financiamento dos programas FEDER 14/20 e FEDER React.

Planos do trazado da senda proxecta que se someterá a información pública:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 925.000 € NUNHA FERRAMENTA DE CIBERSEGURIDADE BASEADA NA INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA EVITAR ACCESOS NON AUTORIZADOS AOS DATOS CLÍNICOS DA CIDADANÍA

- Rueda destaca que o obxectivo é dispoñer dun instrumento de análise de usuarios e entidades para establecer o patrón de comportamento normal que axude a detectar anomalías e desviacións
- O departamento sanitario da Xunta está inmerso nun proceso de transformación e saúde dixital, tal e como se recolle no Plan estratéxico de transformación dixital do Servizo Galego de Saúde 2023-2026
- Os orzamentos da Consellería de Sanidade para o ano 2026 recollen un investimento de 15 M€ neste obxectivo
- Esta adquisición complementa outras accións que se están a levar a cabo dentro do Plan de ciberseguridade, como é a contratación de solucións de protección de dispositivos electromédicos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que a Xunta, por medio da Consellería de Sanidade, vai investir 925.650 euros nunha ferramenta informática de protección de seguridade baseada en intelixencia artificial para "evitar accesos non autorizados" á información do sistema sanitario público.

A posta en marcha desta ferramenta no Servizo Galego de Saúde permitirá a alerta temperá de ameazas que afecten a plataforma de identidades, así como a protección proactiva automatizada de posibles intentos de accesos non autorizados aos datos almacenados pola sanidade pública galega, entre eles, os datos clínicos da cidadanía. O obxectivo é, tal e como sinalou Rueda, "preservar os datos médicos" e o "dereito á intimidade" dos pacientes.

A Consellería de Sanidade licitará proximamente este servizo, que conta con financiamento da Unión Europea nun 60 %, a través do Programa Galicia Feder 2021-2027.

A ferramenta que se vai contratar, utilizando técnicas de intelixencia artificial e aprendizaxe automática, permitirá a análise de usuarios e entidades para establecer unha liña base ou patrón de comportamento normal, o que posibilitará, segundo afirmou o titular do Executivo galego, "detectar anomalías" e desviacións que poidan indicar unha actividade maliciosa.

O presidente destacou que a ferramenta tamén ofrecerá unha protección "en tempo real", co obxectivo de ser o máis efectiva posible na resposta ante incidentes, definindo e implantando políticas de detección, bloqueo e accións automatizadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento sanitario da Xunta está inmerso nun proceso de transformación e saúde dixital, tal e como se recolle no Plan estratéxico de transformación dixital do Servizo Galego de Saúde 2023-2026, con 15 millóns de euros consignados para este fin nos orzamentos da Consellería de Sanidade para o ano 2026.

Esta transformación pretende evolucionar o modelo de atención á cidadanía, permitindo dar resposta aos retos do sector e á poboación, impulsando unha serie de premisas que garantan a seguridade da información, e facilitando o traballo dos profesionais e o acceso aos servizos de saúde por parte da poboación co maior número de garantías.

Igualmente, a Consellería de Sanidade desenvolve proxectos destinados a facilitar a xestión sanitaria, conformando sistemas de información corporativos para utilizar na toma de decisións dos responsables dos distintos ámbitos, así como facilitar servizos dixitais de transparencia e autoxestión á cidadanía.

Esta adquisición complementa outras accións que se están a levar a cabo dentro do Plan de ciberseguridade, como é a contratación de solucións de control de dispositivos electromédicos, ou unha solución de seguridade de aplicacións web, en fase de adxudicación.

Transformación das ciberameazas

Cómpre remarcar que o panorama das ciberameazas experimentou unha transformación significativa. Na actualidade, os ciberdelincuentes céntranse cada vez máis en comprometer as identidades dos usuarios e sistemas como principal vía de ataque. En lugar de forzar a entrada, os atacantes a miúdo acceden suplantando a identidade de usuarios lexítimos utilizando credenciais válidas pero comprometidas.

Esta táctica volveuse predominante con informes que indican que a gran maioría das fendas de seguridade involucran o uso de credenciais roubadas ou débiles. Este cambio fundamental subliña a necesidade de solucións de seguridade que vaian máis aló da protección tradicional.

Actualmente, o Sergas dispón dunha solución de directorio activo amplamente implantada na organización para a xestión de identidades de usuarios. Esta infraestrutura está distribuída nun número significativo de controladores localizados tanto en servizos centrais como nos centros de procesos de datos das sete áreas sanitarias, e dan servizo a todos os usuarios corporativos.

Toda esta plataforma está baixo o ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A FILMOTECA DE GALICIA CONSOLÍDASE COMO GARANTE DA MEMORIA AUDIOVISUAL GALEGA E DA FORMACIÓN DE PÚBLICOS ACTIVOS

- O Consello da Xunta avalía as liñas de actuación para 2026, cando se acometerá a dixitalización das películas producidas por Víctor Ruppen e a restauración de filmes de Eloy Lozano e Ernesto Díaz-Noriega, así como títulos emblemáticos dos anos 70
- Haberá retrospectivas dedicadas a cineastas como Maroun Bagdadi, Hiroshi Shimizu, Rudy Burckhardt, Iván Castiñeiras, Rainer W. Fassbinder ou Yvonne Rainer e a temáticas como os poscolonialismos ou a orixe do cinema afroamericano
- O ciclo 'Territorios mutantes' abordará cuestións que forman parte do debate social e artístico actual
- Entre os novos proxectos destaca a produción propia de curtametraxes realizadas a partir de materiais procedentes do arquivo fílmico

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude elevou hoxe ao Consello da Xunta o informe de actividades e liñas de actuación para 2026 da FilMOTECA de Galicia, no que se reflicte a súa consolidación como principal centro garante da memoria audiovisual galega a través da preservación do noso patrimonio fílmico, así como o impulso de programacións de sala e didácticas que acaden públicos activos para o cinema.

No documento faise especial fincapé no avance dos labores de restauración, conservación e crecemento do fondo arquivístico, que nestes momentos atesoura 15.500 copias de materiais cinematográficos (unhas 3500 películas) e videográficos (máis de 12.000 cintas) con títulos que datan desde 1913. Tamén se garda unha colección de carteis cinematográficos que acada as 11.000 unidades e un fondo fotográfico con máis de 60.000 rexistros.

A catalogación e posta á disposición actual e para as vindeiras xeracións de todo este acervo audiovisual, que se incrementa cada ano con novas dotacións públicas e privadas, é unha das prioridades da cinemateca galega, que en 2025, ademais, viu reforzado este obxectivo por ser designada centro de conservación oficial do depósito legal de obras cinematográficas e televisivas.

Así, en 2026 continuarase coa dixitalización de títulos tan emblemáticos dos anos setenta como *Fendetestas*, *O pai de Migueliño*, *O cadaleito* ou *O herdeiro*, considerados como o nacemento do cine moderno en Galicia, así como a de todas as películas producidas por Víctor Ruppen, entre as primeiras realizadas en 35 mm en Galicia e en galego. Tamén se acometerá a restauración de filmes de Eloy Lozano e os do cineasta *amateur* por excelencia, Ernesto Díaz-Noriega, ademais de 7000 novas fotografías para a súa consulta e difusión.

Reflexión da realidade a través do cinema

No apartado de programación, está previsto o inicio do ciclo *Territorios mutantes*, dedicado aos desafíos a que se enfronta o cinema á hora de abordar cuestións que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

forman parte do debate social e artístico actual, os dedicados a cineastas referenciais como Maroun Bagdadi, Hiroshi Shimizu, Rudy Burckhardt, Iván Castiñeiras, Rainer W. Fassbinder, Yvonne Rainer ou os temáticos *Cine e poscolonialismos* e *Oscar Micheaux e as orixes do cine afroamericano*. Os pases de sala serán reforzados en moitos casos con coloquios e presentacións a cargo dos responsables das obras, co que se pretende non só a captación e fidelización de asistentes á carteleira proposta, senón tamén a formación de públicos activos e participativos que poidan desenvolver unha recepción crítica.

Esta mesma filosofía é a que preside toda a actividade didáctica levada a cabo pola Filmoteca de Galicia, que continuará principalmente en 2026 cos programas Filmoteca Jr., Novas Miradas, Cine en Curso e Fotografía en Curso.

Outro dos proxectos que verá a luz o ano que vén é a produción propia de curtametraxes a cargo de cineastas galegos, coa utilización de imaxes a partir dos materiais do arquivo da Filmoteca. A finalidade é que estes materiais cobren nova vida e que as pezas resultantes redunden na súa maior visibilidade.

Nos indicadores de actividade estimados para 2026, están previstas 350 sesións (con 50 títulos galegos) de proxeccións na sala José Sellier, co obxectivo de chegar a máis de 12.000 espectadores, e serán 100 os novos materiais dixitalizados e recuperados. Nos programas Filmoteca Jr. e Novas Miradas prevese a participación de máis de 2000 estudantes procedentes de 20 centros de ensino; e en Cinema e Fotografía en Curso agárdase a implicación de 12 colexios e institutos, que achegarán 600 alumnos e alumnas para realizar catro películas e oito proxectos fotográficos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA ESTA SEMANA DUNHA NOVA EDICIÓN DOS BONOS ACTIVA COMERCIO DOTADA CON 2,5 M€ TRAS TER MOBILIZADO MÁIS DE 110 M€ EN VENDAS DESDE 2021

- O presidente da Xunta informou da 2ª andaina do programa en 2025, que se publicará mañá e porá á disposición desde o mércores ás 9,00 h. os bonos de desconto de ata 30 €
- O obxectivo é “permitir descontos nos comercios galegos e mobilizar máis vendas” e estimular o sector “de cara á campaña de Nadal”
- Tal e como explicou Rueda, os establecementos non terán que inscribirse de novo para participar na iniciativa, xa que segue vixente a adhesión da 1ª edición deste ano co obxecto de gañar en axilidade, en beneficio tanto dos comerciantes como das persoas consumidoras
- En todo caso, se algún comercio non se sumara e quere facelo, ten de prazo aínda ata o 15 de decembro ou ata que remate o crédito desta última edición que se vai convocar
- Coa previsión de “mobilizar un mínimo de 8,5 M€ en vendas”, os bonos poderanse empregar ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance o orzamento da convocatoria
- Enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, esta iniciativa consolidarase en 2026, con dúas novas edicións previstas por un total de 5 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a segunda edición dos bonos Activa Comercio 2025, dotada con 2,5 M€ e que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) poñendo á disposición das persoas consumidoras desde o mércores os bonos de desconto de ata 30 euros co obxectivo de “permitir descontos nos comercios galegos e mobilizar máis vendas” e estimular o sector “de cara á campaña de Nadal”.

O importe súmase aos 2,5 millóns de euros destinados á anterior edición da iniciativa este ano —que tivo lugar en xuño—, sumando un total de 5 M€. Unha cantidade que volverá consignarse nos orzamentos de 2026 para consolidar esta acción dinamizadora do comercio local que logrou mobilizar máis de 110 millóns en vendas desde o ano 2021.

Como novidade, os establecementos non terán que inscribirse de novo para participar na iniciativa, senón que segue vixente a adhesión da primeira edición, co obxecto de gañar en axilidade en beneficio tanto dos comerciantes como das persoas consumidoras. En todo caso, se algún comercio non se sumara e quere facelo agora, ten de prazo aínda deica o 15 de decembro ou ata que remate o crédito desta última edición que se vai convocar.

O programa dos bonos Activa Comercio ten como obxectivo incentivar a demanda comercial axudando economicamente ás persoas consumidoras e fomentando o consumo nos establecementos retallistas adheridos á campaña. Con esta nova edición, o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Goberno galego prevé “mobilizar un mínimo de 8,5 M€ en vendas” no comercio de proximidade de Galicia.

Funcionamento do programa

Cada bono terá un desconto de 30 euros para as compras realizadas nos comercios adheridos. Tal e como explicou Rueda, a partir do mércores 5 de novembro (desde as 9,00 horas) as persoas consumidoras interesadas poderán descargar eses bonos. Poderán facelo a través da web www.bonosactivacomercio.gal e trocalos nos establecementos mediante o seu formato dixital QR.

O importe irase reducindo en función do valor da compra. Así, ás compras iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 30 euros corresponderalles un desconto de 5 euros. A rebaixa será de 10 euros para as compras iguais ou superiores a 30 euros e inferiores a 50 euros. A partir desta cantidade, o desconto alcanzará os 15 euros.

Como en anteriores ocasións, cada persoa poderá descargar un único bono, e non se limitará o número de usuarios que poden descargar os bonos, senón que cando o importe total dos descontos realizados alcance os 2,5 millóns de euros, os bonos descargados xa non se poderán utilizar.

Edicións anteriores

As edicións anteriores desta iniciativa iniciada no 2021 contribuíron á reactivación das vendas no comercio local e a incentivar a demanda das persoas consumidoras, mobilizándose no sector comercial retalista máis de 110 millóns de euros.

A última edición, que tivo lugar en xuño deste ano, saldouse con máis de 6.700 comercios adheridos en toda Galicia, preto de 215.000 bonos descargados e máis de 11 millóns de euros mobilizados en compras, dos que a Xunta puxo á disposición —como agora— un crédito de 2,5 millóns de euros en descontos de ata 30 euros por persoa.

Medidas para revitalizar o comercio local

Os bonos Activa Comercio son unha das medidas previstas no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 para revitalizar os establecementos de proximidade, incrementar a competitividade deste sector e incentivar o consumo local. En concreto, enmárcase no seu eixe 2, para a dinamización e visibilidade do comercio.

Ao abeiro dos orzamentos de 2026, a maiores da reedición destes bonos cun importe de 5 M€, consolidaranse apoios como os destinados á transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal (4 M€), a potenciar as prazas de abastos como mercados excelentes (preto de 4,5 M€) e os dirixidos a actuacións de dinamización das áreas de interese comercial (2,7 M€). A maiores, afondarase en iniciativas de dinamización como o proxecto *Vilas Vivas*, enfocado a revitalizar contornas comerciais singulares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PUBLICARÁ ESTE VENRES UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA A DESTILACIÓN DE CRISE NAS DO RIBEIRO E MONTERREI

- O Consello do Goberno galego tomou razón hoxe dun informe da Consellería do Medio Rural sobre estas subvencións, que se convocarán tras a recente autorización da medida excepcional pola Unión Europea, solicitada por Xunta e sector e comunicada ás autonomías polo Ministerio de Agricultura
- A convocatoria estará dotada con máis de 660.000 euros e servirá para axudar as adegas -neste caso do Ribeiro e Monterrei- que decidan levar a cabo esa destilación do viño para convertelo en alcohol de uso industrial (non alimentario)
- Os obxectivos que se perseguen son, por un lado, rebaixar a estocaxe de viño acumulado nas adegas e, por outro, dar saída ao produto almacenado sen provocar unha distorsión no mercado, tanto en cantidade como en prezo

A Xunta volverá convocar proximamente -está previsto que saia no *Diario Oficial de Galicia* o vindeiro venres, día 7 de novembro- unha nova orde de axudas destinadas á destilación voluntaria de viño en época de crise. Así se recolle nun informe sobre a tramitación destas subvencións do que hoxe tomou razón o Consello do Goberno galego.

O Goberno galego, a través da Consellería do Medio Rural, en coordinación co sector vitivinícola, solicitou de novo este ano á Comisión Europea -vía Goberno central- a destilación de crise, como medida puntual e excepcional. A posibilidade de facer esta convocatoria deriva da recente comunicación -do pasado 21 de outubro- por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás comunidades autónomas sobre a autorización da Comisión Europea para realizar a dita destilación. A orde de axudas terá un orzamento de 663.589,47 euros de fondos propios da Xunta.

Esta medida consistirá en subvencionar as adegas que voluntariamente decidan levar a cabo esa destilación do viño para convertelo en alcohol de uso industrial (non alimentario). Os obxectivos que se perseguen son, por un lado, rebaixar a estocaxe de viño acumulado nas adegas e, por outro, dar saída ao produto almacenado sen provocar unha distorsión no mercado, tanto en cantidade como en prezo. Neste caso, as adegas beneficiarias serán unicamente as adscritas ás denominacións de orixe protexidas (DOP) Ribeiro e Monterrei, de acordo coa autorización da UE. Así, para O Ribeiro establécese un importe de 0,66 euros/litro e para Monterrei de 0,965 euros/litro.

O prazo de presentación da solicitude de pagamento da axuda, xunto coa documentación xustificativa da destilación, será ata o 20 de decembro de 2025. A destilación deberá estar rematada o 15 de decembro. Esta medida extraordinaria xa se adoptou o pasado ano, coa mesma finalidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A destilación de crise é unha das actuacións de intervención de mercados que permite a Unión Europea cando, como neste caso, se dá unha situación derivada da problemática na comercialización dos viños, especialmente dos tintos e rosados, algo que ocorre a nivel internacional e tamén dentro da UE e ao que estas denominacións de orixe de Galicia non son alleas.

Cómpre destacar que esta medida foi implementada tamén o ano pasado, coa mesma finalidade. Daquela, o orzamento da orde de axudas foi de 500.000 euros, aínda que podía ser ampliado ata os 2,4 millóns. Os beneficiarios foron 15 adegas da denominación de orixe Ribeira Sacra, con subvencións por valor de preto de 350.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA TRAMITA POR EMERXENCIA O GASTO DO REMOLQUE DO BUQUE INCENDIADO NO PORTO DE RIBEIRA O PASADO SETEMBRO

- A Consellería do Mar deu conta ao Consello deste trámite unha vez executado o servizo debido ao carácter de emerxencia da situación
- O gasto de 172.000 euros repercutirase na aseguradora do barco

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, está a tramitar por procedemento de emerxencia o gasto do remolcador do buque incendiado no porto de Ribeira o pasado mes de setembro. A conselleira Marta Villaverde deu conta ao Consello da Xunta esta mañá desta tramitación unha vez executado o servizo debido ao carácter de emerxencia da situación.

O incendio do buque Awadi tivo lugar no peirao comercial do porto de Ribeira os días 1, 2, 3 e 4 do pasado mes de setembro, co conseguinte risco para as persoas e instalacións portuarias, ademais do risco de afundimento e contaminación mariña. Ante esta situación de xeito inmediato a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia e o Servizo de Gardacostas encabezou o operativo de extinción, no que participaron diferentes medios de distintas administracións e entidades, entre elas, Capitanía Marítima de Vilagarcía, Salvamento Marítimo, Bombeiros de Ribeira e Boiro e o Grupo de Emerxencias Municipal de Ribeira. Entre os medios mobilizados empregouse un remolcador do servizo de remolque portuario de Vilagarcía, o máis próximo á emerxencia.

Unha vez rematada a situación de emerxencia, Portos de Galicia está a tramitar o gasto da prestación do servizo de remolque urxente que permitiu empurrar o buque contra o peirao evitando o seu afundimento. Os servizos técnicos indican que o custo deste servizo durante as 41 horas de traballo realizadas ascende a 172.000 euros, que o ente público asumirá en primeira instancia e repercutirá na aseguradora do barco.

O traballo do operativo de extinción permitiu evitar danos persoais, así como o afundimento do buque e a súa afectación á explotación portuaria e ao ambiente coa potencial contaminación mariña, posto que o buque contiña máis de 20 toneladas de fuel óleo, ademais de amoníaco e pintura, entre outros, ao estar preparándose para saír a faenar. Actualmente o barco permanece amarrado no porto en Ribeira á espera dos permisos necesarios para ser remolcado e levado a un estaleiro autorizado.